

# Instrución da Xerencia III sobre aplicación do apartado 5º do artigo 101 da lei do IRPF en pagamentos a efectuar a partir do 20 de abril de 2007

O apartado 5º do artigo 101 da Lei do IRPF establece que se suxeitan a retención ou ingreso a conta do **1 por cento** as rendas por actividades empresariais que determinen o seu rendemento neto polo método de estimación obxectiva (**MÓDULOS**), nos supostos e condicións que regulamentariamente se establezan. O desenvolvemento normativo desta obrigación fíxose no Real Decreto 439/2007, polo que se aproba o Regulamento do IRPF.

As actividades suxeitas a retención ou ingreso a conta (artigo 95.6 do Regulamento), atendendo aos grupos e epígrafes da sección primeira de tarifas do IAE, son as seguintes:

- 314 y 315 Carpintería metálica e fabricación de estruturas metálicas e caldeirería.
- 316.2, 3, 4 y 9 Fabricación de artigos de ferraxería, cerrallaría, parafusería, derivados do arame, enxoval e outros artigos en metais N.C.O.P.
- 453 Confección en serie de prendas de vestir e os seus complementos, agás cando a súa execución se efectúe maioritariamente por encargo a terceiros.
- 453 Confección en serie de prendas de vestir e os seus complementos executada directamente pola propia empresa, cando se faga exclusivamente para terceiros e por encargo.
- 463 Fabricación en serie de pezas de carpintería, parqué e estruturas de madeira para a construción.
- 468 Industria do moble de madeira.
- 474.1 Impresión de textos o imaxes.
- 501.3 Albanelería e pequenos traballos de construción en xeral.
- 504.1 Instalacións e montaxes (excepto fontanería, frío, calor e acondicionamento do aire).
- 504.2 y 3 Instalacións de fontanería, frío, calor e acondicionamento do aire.
- 504.4, 5, 6, 7 y 8 Instalación de pararraios e similares. Montaxe e instalación de cociñas de todo tipo e clase, con todo os seus accesorios. Montaxe e instalación de aparatos elevadores de calquera clase e tipo. Instalacións telefónicas, telegráficas, telegráficas sen fíos e de televisión, en edificios e construcións de calquera clase. Montaxes metálicos e instalacións industriais completas, sen vender nin aportar a maquinaria nin os elementos obxecto de instalación ou montaxe.
- 505.1, 2, 3 y 4 Revestimentos, solados e pavimentos e colocación de illamentos.
- 505.5 Carpintería e ferraxería.
- 505.6 Pintura de calquera tipo e clase e revestimentos con papel, tecido ou plásticos e terminación e decoración de edificios e locais.
- 505.7 Traballos en xeso e escaiola e decoración de edificios e locais.
- 722 Transporte de mercadorías por estrada.
- 757 Servizos de mudanzas.

A retención ou ingreso a conta só proceden no caso de que o empresario, determine o rendemento en réxime de estimación obxectiva (MÓDULOS), non así cando o faga en réxime de estimación directa. A estes efectos, o empresario que optara polo réxime de

estimación directa (ou lle sexa aplicable o réxime de estimación directa) deberá comunicar a dita circunstancia ao pagador, evitando así que lle sexa practicada a retención.

Procederá practicar a retención polas rendas que se abonen ou satisfagan, salvo que o perceptor comunique ao pagador a renuncia ao réxime de estimación obxectiva mediante unha comunicación cos datos que se establecen no Regulamento del IRPF e que a continuación indicamos:

- a. Nome, apelidos, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do comunicante.
- b. Actividade económica que desenvolve o epígrafe do IAE.
- c. Que determina o rendemento neto en estimación directa en calquera da súas modalidades.
- d. Data e sinatura do comunicante.
- e. Identificación da persoa ou entidade destinataria da comunicación.

De acordo co anterior procede ditar a presente instrución para a xestión das retencións a practicar, de xeito que se garanta a correcta aplicación desta norma.

1. A aplicación da presente norma será para as facturas que se paguen a partir do día 20 de abril.
2. Para poder executar correctamente esta norma os responsables de asuntos económicos deberán solicitar dos terceiros dos que teñamos que tramitar pagamentos e, que se correspondan con algunha das actividades relacionadas máis arriba, o código do IAE no que estean dados de alta, o tipo de estimación ao que optaran e, de selo caso, a comunicación da renuncia ó réxime de estimación obxectiva segundo o indicado.
3. No suposto de que o terceiro xa estivera dado de alta na base de terceiros, haberá que comunicar ao servizo de contabilidade e presupostos os datos obtidos do provedor. Se hai que dar de alta ó provedor haberá que proceder como ata o de agora e como no caso anterior, enviar a contabilidade a información recibida dos provedores.
4. Tratarase de incorporar a información resultante desta xestión en e-SICUS de xeito que axude a identificar as diferentes situacións dos provedores.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2007  
O Xerente,  
Pedro García Moreno